



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 22 de outubro de 2025, tomou o seguinte acordo en relación coa reclamación presentada na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 25/3016

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Área de coñecemento: Enxeñaría Telemática

Departamento: Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información

Centro: Facultade de Informática

Tras analizar a documentación da praza 25/9001, a reclamación presentada por D. Pablo Fondo Ferreiro e o informe emitido pola Comisión de selección, a Comisión de Reclamacións acorda:

1. desestimar a reclamación presentada por D. Pablo Fondo Ferreiro no relativo á subsanación dos méritos non documentados conforme ao establecido na convocatoria realizada por Resolución reitoral de 13 de xaneiro por ser esta un procedemento específico que establece claramente no seu punto 3.2. Documentación requirida nas seccións c) e d) o seguinte:

Non presentar a certificación académica persoal ou non acreditar os méritos alegados, non determinará a exclusión do/a aspirante ao concurso, pero impedirá o seu cómputo e valoración no baremo establecido.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, non se admitirá ningunha documentación adicional relativa aos méritos.

2. desestimar a reclamación realizada por D. Pablo Fondo Ferreiro sobre a consideración como mérito preferente da acreditación a Profesor/a Contratado/a Doutor/a do candidato proposto por ser esta unha acreditación de nivel superior en que cabe subsumir a de Profesor/a Axudante Doutor/a
3. no relativo ás reclamacións sobre a valoración dos méritos alegados por D. Pablo Fondo Ferreiro:
 - estímase a relativa á pertinencia de valorar o mérito de pertenza ao grupo de innovación docente Lizgairo que a comisión deberá puntuar de acordo co establecido no Baremo da Normativa e segundo a súa discrecionalidade técnica, mais sen multiplicalo por 0
 - estímase a relativa á non pertinencia da valoración do contrato como investigador predoutoral de D. Manuel Fernández López-Vizcaíno por tratarse dun contrato realizado con cargo a un proxecto e non ser equivalente, por tanto, aos contemplados no punto III.3 Bolsas e contratos pre e posdoutorais do Baremo da citada Normativa.
 - estímase a relativa á necesaria valoración da participación no proxecto FedFIRE+ Testbed for Experimentation do reclamante por constar na certificación asinada pola Secretaría Xeral da UVigo a súa participación e a condición de proxecto europeo
 - desestímanse as restantes reclamacións



En consecuencia, a Comisión de Reclamacións solicita da Comisión de selección:

1. que proceda a valorar a participación do reclamante no grupo de innovación docente Lizgairo (II.2 Calidade docente) e no proxecto FedFIRE+ Testbed for Experimentation (III.6 Participación en proxectos de investigación de convocatorias competitivas e en convenios de investigación)
2. que proceda a eliminar da valoración dos méritos de D. Manuel Fernández López-Vizcaíno o contrato que valorou no punto III.3
3. que remita a folla Excel coas puntuacións citadas rectificadas e a proposta de provisión correspondente

Finalmente, acórdase facer pública esta resolución.

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado
Teresa López Fernández